



Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10
15686.- **FRADES**, (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dtoruna.es



DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “POS 2016. MELLORA DE CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ), E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS)” . EXPTE CO 1.2016, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE NO PERFIL

Reunidos en Frades, ás 10:00 horas do día 30 de setembro de 2016.

Dunha parte, D. Roberto Rey Martínez Alcalde-Presidente do Concello de Frades con D.N.I. núm. 79314640Z, asistido da Secretaria da Corporación D. Carmen Gómez Otero con D.N.I. 34898999H, que dá fe do acto.

Doutra parte D. Marcos Antonio Vázquez Zas con D.N.I. 47357862B, en representación da empresa CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. con C.I.F. núm. B15360902, con domicilio social a efectos de notificacións en C/Gambrinus, Polígono Industrial de A Grela, 99.- A Coruña, C.P. 15008.

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do contrato de obras por procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante.

Dita adxudicación foi aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 22 de setembro de 2016 segundo despréndese dos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data decembro de 2015 redactouse o proxecto das obras de “POS 2016. MELLORA DE CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ), E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS)” polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Gilberto Rodríguez Rodríguez, co Prego de Prescricións Técnicas e o estudo de seguridade e saúde e foi aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 16 de decembro de 2015. O Prego de cláusulas administrativas particulares, foi aprobado por Resolución da Alcaldía de data 16 de maio de 2016.

SEGUNDO. Con data 16-5-2016, e mediante Resolución da Alcaldía, xustificouse a realización das obras e aprobouse o expediente ordinario de contratación por procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante, da obra “POS 2016. MELLORA DE CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ), E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS)”, autorizouse o gasto con cargo á aplicación 1532 619 do vixente orzamento (Proxecto de gasto 2016-2-POS16-5), e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación con arranxo ao proxecto técnico e prego de cláusulas administrativas particulares que se consideran parte integrante do contrato.

TERCEIRO. Con data 22 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local adxudicou as obras a CANARGA CONSTRUCCIONES S.L conforme o acordo adoptado na sesión, que transcrito literalmente di o seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es



“ (...) ADXUDICACIÓN DEFINITIVA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ) E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS)” EXPTE CO 1.2016.-

Visto que se aprobaron, mediante resolución da Alcaldía do día 16-5-2016 o expediente e os Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación por procedemento negociado con publicidade no perfil, para a adxudicación das obras consistentes en “POS 2016.- MELLORA DOS CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ) E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS).”, e que, así mesmo, foi autorizado o gasto que supón a adxudicación deste (A22016000375), por importe de 91.531,83 euros, e foi convocada a súa licitación.

Visto que con data 8 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local ACORDOU, por unanimidade adxudicar provisionalmente a obra á empresa CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, e se lle requiriu para que presentase a documentación xustificativa [artigos 146.1 e 151.21/a que fai referencia o artigo 151.22] do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como xustificación da constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Visto que con data 21-9-2016 o candidato CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. constituíu garantía definitiva por importe de 3.719,01 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, vistos os informes que constan no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO. *Adxudicar á empresa CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. o contrato de obras consistentes no “POS 2016.- MELLORA DOS CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ) E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS).”, por procedemento negociado con publicidade no perfil, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 16-5-2016.*

SEGUNDO. *Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532 619 (Proxecto de gasto 2016-2-POS16-5-1) do orzamento vixente de gastos, por importe de 89.999,99 euros (IVE engadido).*

TERCEIRO. *Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.*

¹ Se a achega inicial da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos fose substituída por declaración responsable, conforme ao artigo 146.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

² Se a achega inicial da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos fose realizada conforme ao previsto no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es



CUARTO. Notificar a Don Marcos Antonio Vázquez Zas, representante de CANARGA CONSTRUCCIONES S.L, adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar no Salón de Plenos do Concello de Frades o día 30 de setembro de 2016 ás 10.00 horas.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato no Perfil de Contratante.

SEXTO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

SÉTIMO. Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalizase o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 150.000 euros. Todo iso, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.(...)”.

CUARTO. Con data 21 de setembro de 2016, o adxudicatario presentou por rexistro a documentación requirida, entre outros documentos a garantía definitiva constituída por importe de 3.719,01 euros equivalente ao 5 por 100 do importe da adxudicación (excluído o IVE), que non será devolta ou cancelada ata que se produciu o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto este sen culpa do contratista.

E convindo a ambas as partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de obras, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. comprométese á execución das obras de “POS 2016.- MELLORA DOS CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ) E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS).”, con arranxo ao proxecto técnico e prego de cláusulas administrativas particulares, que figuran no expediente, documentos contractuais que adopta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel.

SEGUNDA. O prezo do contrato, IVE incluído, é o de 89.999,99 euros, que serán abonados mediante certificacións de obra executada.

TERCEIRA. O prazo de execución é de 4 meses, contados desde o día seguinte ao da firma da acta de comprobación do reformulo que se realizará o día 3-10-2016.

[De acordo co establecido no artigo 229 do Texto Refundido da Lei de Contratos aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 09 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato. Non será necesaria, segundo escrito recibido neste Concello da Deputación Provincial de A Coruña, a asistencia dun técnico da mesma ao acto de comprobación do reformulo].

CUARTA. D. Marcos Antonio Vázquez Zas, en representación da empresa CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos do Texto Refundido da Lei de Contratos aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O presente contrato esténdese en dous exemplares e a un único efecto, no lugar e data ao principio mencionados.

O Alcalde



Asdo.: Roberto Rey Martínez

En representación da empresa
CANARGA CONSTRUCCIONES S.L.

Asdo.: D. Marcos Antonio Vázquez Zas

A Secretaria,



Asdo.: Carmen Gómez Otero